

BACHARELATO

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fora o caso.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

Con que temporalización se farán probas escritas?

Como mínimo unha por trimestre na que se inclúan as tres destrezas (Comprensión Oral, Expresión Escrita e Comprensión Escrita) ou unha de cada destreza por separado. Así como, gramática e vocabulario.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo, ...

Informarase aos alumnos en cada momento do valor que teñan as distintas tarefas dentro da avaliación de cada trimestre.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ...

A porcentaxe adicada a cada unha das partes será: Gramática e vocabulario 20%, Comprensión Escrita 20%, Comprensión Oral 20%, e a Expresión Escrita 20%. Doutra banda a Expresión Oral 10%, e un 10% será para valorar: a asistencia a clase, o respecto das normas de convivencia, a participación de forma activa e voluntaria no desenrolo da clase/ nas actividades propostas na aula, o uso da lingua inglesa, e a realización e/ou a entrega das tarefas en prazo e forma, así como por traer o material que se precisa. No 2º Trimestre a Comprensión Escrita avaliarase non só mediante unha proba de comprensión escrita que teña que ver cos contidos, e o vocabulario a estudar, senón que se avaliará igualmente a lectura prevista para o 2º Trimestre dun libro de lectura adaptado, seleccionado polo profesorado correspondente.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Asistir a clase, respectar as normas de convivencia na aula, participar de forma activa e voluntaria no desenrolo da clase/ nas actividades propostas na aula, traer o material que se precisa, usar a lingua inglesa na clase, e realizar e/ou entregar as tarefas en prazo e forma.

Como se recupera unha proba non superada?

Non haberá recuperacións (excepto na última avaliación) debido ao carácter acumulativo da materia (Avaliación continua). Por tanto, as probas non superadas consideraranse recuperadas, sempre que a nota media do total de probas da avaliación correspondente sexa igual ou superior a 5.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Non haberá recuperacións de avaliacións. Pero se a media ponderada das 3 avaliacións non é igual ou superior a 5, o alumno/a deberá presentarse á proba final da convocatoria extraordinaria.

ANEXO MODIFICACIÓNS DA CORDO CA LOMLOE

Quen debe ir á avaliación final?

O profesor decidirá en cada caso a necesidade de que un alumno se presente a unha proba final, se despois de elaborada a cualificación inicial, o alumno non acadara a puntuación necesaria para superar a materia.

En que consistirá a proba ?

Incluiranse polo menos un exercicio de cada unha das catro destrezas.

Que estándares se van avaliar?

Avaliaranse a lo menos un estándar de cada un dos cinco bloques de contidos.

Como se elabora a cualificación final.

Será a media ponderada que resulte de sumar as notas correspondentes cos seguintes porcentaxes (1º Trimestre 20%, 2º Trimestre 30% e 3º Trimestre 50%). Para redondear, aquel/ aquela que teña 0,5 ou máis, e que fora evolucionando favorablemente e cunha actitude positiva de cara á materia, verá a súa nota redondeada ao dígito superior (por exemplo, de un 5,5 a un 6). Se a súa actitude e evolución fora negativa, calquera decimal veráse redondeado ao dígito inferior (por exemplo, de un 5,8 a un 5).

Ca entrada en vigor da **LOMLOE A 3ª AVALIACIÓN ORDINARIA** se realizará ao redor do 6 de xuño.

No período abranguido entre o 9 e o 22 de xuño o alumnado deberá facer actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría supervisadas e dirixidas polo profesor correspondente. Doutra banda, o alumnado ao que na nota media ponderada das tres avaliacións non lle dea unha nota igual ou superior a 5 terá que presentarse ao exame da **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**. Dito exame consistirá nunha proba escrita na que se incluírán exercicios de Comprensión Oral, Expresión e Comprensión Escrita, gramática e vocabulario (bloques 1,3,4 e 5). Por imposibilidade temporal non se fará proba de expresión oral do bloque 2.

A **cualificación** corresponderá cos seguintes porcentaxes: 40% gramática e vocabulario, 20% cada unha das outras tres destrezas (Comprensión Oral, Expresión e Comprensión Escrita). Para ter superada a proba hai que acadar un 5. Redondearase á alza a partir de 0,5 máis do número enteiro (de 5,5 a 6, por exemplo) **sempre que non se deixe ningunha destreza sen facer**.